

MISIÓN: ADESTRAR TEMIBLES TROLS PARA QUE SEXAN FELICES



QUE OCORRE?

A tribo Ñuc son un grupo de trols que viven nunhas covas moi incómodas nun lugar remoto e inaccesíbel. Queren adaptarse á vida moderna, pero non o conseguen porque non son capaces de recoñecer as súas propias emocións e perden o día pelexando.

Cada vez que tentan relacionarse pásano un pouco mal porque non entenden o que senten, frústranse e pónense a berrar o temible alarido Ñuc, que incendia os corazóns e xea o sangue.



QUE VAN FACER ELES?

Tódalas familias trol inscribíronse nun programa especial de adestramento para poder alcanzar a paz mental. Durante o adestramento, aprenderán a recoñecer as emocións e como senten no corpo, para poder identificalas en si mesmos e nos demais.

CAL É A VOSA MISIÓN?

A vosa misión será crear un mapa sobre a silueta trol para explicarlles con imaxes como funcionan as emocións. A tribo Ñuc non sabe ler (aínda) pero son moi intelixentes e teñen moita sensibilidade artística. Canto máis decorado estea o voso mapa de paz mental, mellor entenderano.



QUE IMOS FACER NÓS?

Elixide unha emoción ou sentimento e utilizade a imaxinación para representar como sente esa emoción en diferentes partes do corpo. Podedes utilizar emojis, iconas, recortes de revistas, fotos ou o que se vos ocorra. Tamén podedes completar o mapa de paz mental con mensaxes para cando o grupo de trols aprenda a ler.



Tedes

CIBERCAIXA MALLOS

unha



misión

#mapadepazmental

1.- Onde vive a tribo Ñuc?

2.- Que queren facer eles?

3.- Por que o pasan un pouco mal?

4.- Que incendia os corazóns e xea o sangue?

5.- Que van a facer a tribo Ñuc?

6.- Para que necesitan adestramentos?

7.- Cal é a nosa misión?

